

## **BASES XERAIS DE ACCESO ÁS ACTIVIDADES INCLÚIDAS NO PROGRAMA “COMPOSTELA MÓVESE 2020 COVID19.”**

A Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela convoca o programa de actividades “COMPOSTELA MÓVESE 2020 COVID19.” no marco das súas actuacións en materia de Promoción Económica. O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support ou Compostela Activa todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora e á mellora e desenvolvemento do tecido económico de Compostela.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a creación de empresas e o autoemprego a través de programas de formación, dinamización da actividade económica, encontro comercial e axudas dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta competencia e actividade con anterioridade a esa data na extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Este programa de dinamización económica ten como principais obxectivos:

1. Apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endógeno, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscamos asentado os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello .
2. Impulsar medidas de reactivación económica a corto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso a crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19 e as sucesivas crises da mesma índole que poidan acontecer nun futuro.

Este programa de actividades está dirixido ao empresariado do Concello de Santiago de Compostela así como ás persoas que desexen iniciar unha actividade empresarial e/ou queiran adquirir as competencias precisas para desenvolver a súa actividade emprendedora, extra e intraempresarialmente.

A convocatoria e preinscrición as actividades realizarase a través da páxina web [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal) onde se publicarán as condicións de acceso a cada acción, públicos preferentes, horarios definitivos, lugares de realización e límite de prazos.

A admisión nas actividades comunicarase por correo electrónico ao enderezo aportado no proceso de preinscrición no formulario web da convocatoria correspondente. Poderase establecer a necesidade de inscrición por rexistro nas accións que se considere oportuno unha vez confirmada a praza tralo proceso de preinscrición.

A verificación do cumprimento dos requisitos de acceso ás actividades realizarase unha vez comunicada a aceptación da preinscrición para cada actividades, sendo obriga da persoa solicitante a presentación da documentación pertinente no prazo establecido.

De non cumprirse este requisito de aportación da documentación no prazo establecido para cada convocatoria, a persoa perderá o dereito a participar na actividade, sendo substituída pola seguinte persoa inscrita e en lista de agarda.

**A realización da preinscrición on line implica a aceptación das presentes bases, así como das condicións específicas establecidas para cada convocatoria na web [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal)**

**O Concello de Santiago reservase o dereito a modificar por necesidades do servizo e para un mellor funcionamento do programa as datas concretas de realización das citadas actividades publicadas, así como a cancelar a actividade se non se cumpre o número mínimo de persoas participantes establecido en cada caso, circunstancia que será comunicada ás persoas participantes.**

Para calquera información, queixa ou suxestión sobre o presente programa de actividades, poderase contactar coa Oficina de Promoción Económica a través co correo electrónico [cersia@santiagodecompostela.gal](mailto:cersia@santiagodecompostela.gal)